

## Casa con garita

010098

### Datos de Localización

Casa Forte

|                     |                         |
|---------------------|-------------------------|
| <b>Nomenclator:</b> | 3200506                 |
| <b>Coord. UTM:</b>  | X: 597754<br>Y: 4642639 |
| <b>Concello:</b>    | Baltar                  |
| <b>Parroquia:</b>   | TOSENDE                 |
| <b>Lugar:</b>       | Maus, As                |
| <b>Tipoloxía:</b>   | Arquitectura Defensiva  |
| <b>Tipo:</b>        | Casas Fortes            |
| <b>Subtipo:</b>     | <b>Casa Forte</b>       |



|                         |                        |
|-------------------------|------------------------|
| <b>Denominación:</b>    | <b>Casa con garita</b> |
| <b>Etaqa Histórica:</b> | Idade Contemporánea    |
| <b>Estilo relevante</b> | Popular                |

#### Outros Estilos:

#### Descrición:

No barrio do Xuntadoiro, atópase esta vivenda dun andar realizada en perpiaño, con planta cuadrangular e cuberta de tella a catro augas. Presenta tres fachadas. A principal ten tres portóns lintelados, con inscrición ilexible no central e catro ventás no primeiro andar, sendo unha máis grande. Entre dous dos portóns ten un banco de pedra. A fachada lateral, consta dunha porta con dous chanzos de acceso á planta baixa e un pequeno vano cadrado. No andar superior, ten un balcón con decoración de placas e sobre ménsula que vai flanqueado por dúas ventás. No esquinall destas dúas fachadas, destaca unha garita de perpiaño sobre tres ménsulas. Na planta baixa da fachada traseira, e ras do chan ten un vano rectangular enreixado; no andar superior, catro ventás, tamén enreixadas. Ocupa a zona central, a comuna con cuberta de pedra a unha auga e provista de oco para a ventilación.

Este inmoible tamén se coñece como *Bótica*, *Casa do Xuíz* ou *Casa do Camilo*. Segundo a información de D<sup>a</sup> Conchita Sanz, esta casa foi unha botica na que tamén se vendían tintes e salinas. Despois pasou a ser a Casa do Xuíz de Meaus do Couto Mixto, D. Modesto Brandón. Este vendeuna a un camareiro lisboeta chamado Camilo Parada, coa condición de poder disfrutar dunha habitación, trato que non cumpliu.

O pedáneo, e actual "xuíz de Meaus", Sergio, tamén engadíu que era o banco onde se facía o trueque e gardábase a moeda propia que circulaba no Couto Mixto.

O Couto Mixto era un antigo territorio autónomo formado polos pobos de Santiago, Rubiás (Calvos de Randín) e As Maus (Baltar), na fronteira con Portugal. Dende o século XII ata XIX tivo as súas propias leis políticas e administrativas basadas nos dictámenes duns cantos "hombres de acuerdo". Tratábase dunha pequena *república* que na práctica non dependía nin de España nin de Portugal. Contaba cunha serie de dereitos e privilexios, como non servir no exército e a liberdade de comercio e de cultivos como o tabaco, ademais de ter exencións fiscais e a posibilidade de dar asilo aos refuxiados da xustiza española e portuguesa. Ata o Tratado de Lisboa de 1864, cada veciño podía elixir libremente a nacionalidade que desexara.

Dos tres pobos, As Maus é o que máis comercio tiña, como ben o atestiguan algunhas das súas construcións.

### Características Construtivas

|                 |     |
|-----------------|-----|
| <b>Plantas:</b> | B+1 |
|-----------------|-----|

**Edif. Anexas:****Mat. Fachada:** Granito**Mat. Estrutura:** Granito e madeira**Mat. Cuberta:** Tella**Elementos singulare****Construtivos:** Ménsulas no balcón da fachada lateral e na garita do esquinal.**Decorativos:** Decoración de placas no balcón da fachada lateral.  
Inscrición no portón central da fachada principal, ilexibles.**Delimitación do Ben e da contorna****Situación:** Outros**Area de Protección:****Protección****Tipo de ben:** Sen rexistrar**Proposta de tipo de ben:** Inventariado**Estado de Tramitación:****Nivel de Protección Arq.:** Sen protección**Proposta Nivel de Protección Arq.** Integral**Grao de Protección Arq.:** ----**Proposta Grao de Protección Arq.** ----**Xustificación da Protección:****Titularidade****Polígono:****Parcela:****Conservación-Intervención****Estado de Conservació** Regular**Uso Actual:** Sen uso**Alteracións Morfolóxicas****Tipo:****Data:****Descrición:****Proxecto:****Axentes:****Observacións:** Os peches de vanos e portas son de aluminio. Cheminea de ladrillo e cemento. Farola do alumeadado público adosada á garita.

Bens Mobles

---





















